

A TRAVÉS DOS OLLOS DE XAQUÍN MARÍN E SIRO

Contarámolo xa, pero como un está condenado a repetirse (no destino tamén está escrito iso), van permitírnos que o recordemos, porque as frases pagan a pena: «Xaquín Marín e mais eu —dicía Siro, ao saír á luz a publicación que hoxe nos ocupa, o último dos *Cadernos* do Club de Prensa de Ferrol— somos da mesma idade, nacimos no mesmo barrio, que é Esteiro, aínda que el despois se exiliou, e ademais acabamos de xubilarnos; e que o Club de Prensa nos dedique unha publicación tan ben feita tenme que levar a dicir, antes que calquera outra cousa, que estou moi agradecido; por min, e por Xaquín tamén».

Ese caderno, coidadosamente editado, vén a reunir —talvez poderíamos dicir mellor que a resumir...— nun único volume, case medio século de creación de dous autores fundamentais non só no que a dimensión artística do seu labor respecta, senón



HUMOR GRÁFICO

«O humor desde Ferrol: Siro e Xaquín Marín»

Siro López e Xaquín Marín. *Cadernos Ferrolanálisis*. Club de Prensa de Ferrol. Planeta. 288 páxinas. ***



Valle-Inclán, por Siro, e unha das viñetas de Xaquín Marín

tamén á xornalística: á súa capacidade para entender e axudar a entender a realidade, e a sinalar o fundamental e substantivo no medio da marea do meramente adxectivo e, polo tanto, prescindible. É o propio Siro quen subliña que as súas caricaturas lle abriron as portas para contar



«o que raramente poden dicir os que escriben»; e que iso, ademais, lle permitiu poñer fin á súa etapa profesional coa satisfacción do «deber cumprido».

OS DIFERENTES CAMIÑOS

O consello de redacción da revista *Ferrolanálisis*, que dirixe

É o propio Siro quen subliña que as súas caricaturas lle abriron as portas para contar «o que raramente poden dicir os que escriben»

José Antonio Ponte Far e que é a promotora directa da iniciativa de reunir nun soporte especialmente accesible ao gran público o mellor da obra de Siro e Marín, optou por incluír do primeiro, en esta publicación, basicamente caricaturas; e do segundo, unha produción que se insire no ámbito do humor gráfico dende diferentes fórmulas, case nunca exentas de tenrura. E reproduce, tamén o caderno, dende textos de autores como García-Sabell e Carlos Rodríguez Silvar ata fotografías nas que aparecen personaxes do talle de Ramón Piñeiro, que xa forman parte da historia de Galicia.

R. Loureiro